


Núm. 21

15-9-25

# nós.





BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 "
Número solto na Península	1 "
Na Arxentina	60 ceniavos
En Cuba	30 "

*Pagos adiantados*

Iste boletín non publica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que, por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

*Falares miñotos*, por o MARQUÉS DE FIGUEROA.

*Un romance galego*, por ARMANDO COTARELO.

*Cantigas d'El Rei Sabio localizadas en Galicia. San Ero d'Armenteira* por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

*Do arte popular galego e d'algunhas das suas manifestazons*, por F. BOUZA BREY.

*A Edade do Ferro en Galiza*, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de XAN AZNAR PONTE.

*Panteísmo*, por AUGUSTO MARÍA CASAS.

*Archivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza*.

*Os homes, os feitos, as verbas*; pola REDAUCIÓN.

LEA VOSTEDE

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS  
IRMANDADES

Ademinstación Real, 36 — A Cruña

**Dr. MOSTEIRO**

Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

**DROGUERIA E FARMACIA**

Progreso esquina a Luis Espada  
8010 OURENSE

MERQUE VOSTEDE

**Plumeiros RAFIUM**

De más dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todolos establecimentos do ramo  
Andrés Perille - OURENSE

Reloxería ZENITH

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

**M. CALVIÑO**  
OURENSE

Sobreirería

**LEMUS**

A mais económica de Galicia  
**San Andrés, 74**  
A CRUÑA

**VIÑOS RANDULFE** de Bodegas Galegas - Finos de Mesa  
**OS PEARES (Ourense)**

**Sanatorio Quirúrgico**  
**Diretores:**

**Manuel Peña Rey**

Ginecología e Partos

**José Mosquera Blanco**

Cirugía general  
Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Crucero, ten todolos condicíos precisas. — Praufícase toda cráis d'operacións. — Dotado de todolos aparellos que pide a actual Cirugía. — Modernas instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda, con voltaxe de 280.000 voltios. — Aparello de Diatermia pra tratamiento de Anestesia, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera. — Lampara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'esclerose, reumatismo, alopecia, eczema, etcétera. — Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pra fora da cibade en casos d'urxencia. — Poden colaboraren todolos competidores, previo consentimento dos directores.

**BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE**

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto  
Macia e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

A importancia da pubricación

# L A R

non precisa pregoarse

Vexa vostede calquera dos números  
pubricados e quedará satisfeito

Todal-as novelas son inéditas e orixinales  
dos melhores escritores galegos.

Se vostede é amante das boas letras  
debe suscribirse á

# L A R

Coste de cada número 30 céntimos

Suscrición a 6 números 1'60

Administración: Real, 36-1.<sup>o</sup>

A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VI      \*      Ourense 15 de Setembro 1925      \*      Núm. 21

F A L A R E S    M I Ñ O T O S

De silva os copreiros,  
catadoras de viño,  
son todos mocellos  
enleu e aquem Miñoo.\*

*Me chamaron emigrante  
e froubo ingano no falar,  
que non din en vida allea  
ô ficar en Portugal.*

*N'era outra que a do Miño,  
no meu chao de Galicia,  
a vidíña que atopei  
que por sempre foi xa miña.*

*Baixa o Támega ourensán,  
regando de Chaves terras,  
a topar do Douro as vides  
com'as augas onda Régua.*

*Auga crara do río Lima,  
eu catala ben quixer,  
recordando que a bebera  
na Galicia de onde ven.*

*D'outro Letfies é ribeira  
da que din, n-un mal dizer,  
que non sendo pra esquecida  
ela é causa do esquecer.*

*Mais que o Douro co-as riquezas,  
cos quereres chama o Miño  
ó maduro viño gana,  
cando é bon, o verde viño.*

*D'unha n-outra beira o río  
como os paxariños saltan,  
dan ós aires váticos sons,  
e tan sozo un amor cantan!*

*Eu, miñoto, de ribeira  
cámbeo sen mudar meu ser;  
as ribeiras dan no río,  
a él vai todo meu querer.*

*Queira Deus que entr'os enlevos  
nunca deixe de ficar,  
dos Monção ou Salvaterra,  
na Galiza ou Portugal,*

Marqués de FIGUEROA

## UN ROMANCE GALEGO

(COMUNICACIÓN FEITA AO «SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS» EN 15-X-924)

**N**A miña coleición folk-lórica de Galiza e na seízón adicada a os romances - seízón ben nutrita que tiña mentes de publicar de xeito sistemático (1) elixiste un exemplar notable que hoxe quero dar a coñecer a os membros de ista xuntanza.

Trátase de un romance descoñecido e inédito, pois non sei de ningún que o publicase; de un romance bilingüe como son os más do noso romanceiro e, anque falioso, cícalis, de moltos versos, de abondo compreñeo pra conter

(1) Véxase a *Introducción a ista labor na revista ULTREYA* (Ano I.-Num. 3-, Santiago I-VII-1919). Publicamos romances en diversos números de iste finado boletín

todo o desenvolvemento de un terribel drama de baixa concupiscencia. ¡Canto gostan as nosas xentes de parellas argumentos! Pro elíx como a musa de hoxe dalle pol-o picareco humorista e sarcástico, a de onte ladeábase pol-o tráxico; os namoramentos sinxelos non lle acaecían por correntes e vulgares, percísabase o sangue, o sacrilexo, o incesto ou a morte. Pol-o demais o romance amosártame ser moi antigo, inda que a forma en que o pulden recoller háchese estragada de tanto peneirar de boca en boca.

Tres hijos tuvo este Rey  
todos tres como una grana;  
el mas chiquito de ellos  
se enamoró de una hermana;  
para la vencer mas presto

para la vencer mas presto  
se hallara muy malo en cama.  
Belara su padre a verlo  
de altas torres *onde estaba*.  
— ¿Qué tienes tu, hijo mío,  
que es eso que a ti te pasa?  
— *Calientura tengo, padre,*  
*callentura que no arranca.*  
— ¿Qué comerás, *fillo meu*,  
qué comerás que *eu che traia?*  
— Un guisado, padre mío,  
si me lo guisa mi *hirmana*  
— *Eu llo direi que cho guise,*  
*eu llo direi que cho traia.*  
— Si viene que venga sola,  
que no venga acompañada  
que la bulla de la *giente*  
a los enfermos enfada.  
  
— Qué tienes tu, mi hermanito  
que estás tan malito en cama?  
— Todo esto hermana mifia,  
tus amores me lo causan.  
— Mis amores, hermanito,  
a ti no te importan nada.

La cogió por la cintura  
y en la cama la *tumbara*;  
voz daba la doncella  
a su padre que la valga,  
— Cállate tu mi hermanita,  
todo esto no importa nada;  
tenemos un tío en Roma  
que todo lo dispensaba.  
Tanta burla *fizo de ella*  
que hasta le cuspió en la cara.  
*Se saíra cara afora*  
*berrando desconsolada:*  
— ¡Xusticia veña do ceio  
que a da terra non val nada!  
*Pra matar fillo do Rei*  
*que a min me deixa bulrada*

O asunto d'iste romance é certamente anti-

quísimo e de oulo e respeitoso orixe: da Biblia, do Antigo Testamento.

O menos lido topará cratísima semellanza entre él e a fruculenta historia de Tamar, fillo do rei David, violada pol-o seu irmán Amnón, a quen o fermoso Absalón, irmán de entrambos, mandou matar por isto n-un gran xanlar que lle dou (*Libro segundo dos Reises, capítulo XIII.*) A semellanza trócase en identidade en moitos detales.

A importancia de iste exemplar rube de súpito ó considerar que Menéndez Pelaio esquirbiu referindose a certa mostra romancesca andaluza do mesmo asunto hachada en Osuna por Rodriguez Marín (*Boletín folk-lórico Español*) «es el único romance popular que conozco sobre asuntos del Testamento Viejo» (*Antología de Hírcos*, X, 197, nota). Agora ben. Si comparmos o romance de Osuna co noso, temos que lle dare a iste grande superioridade. É mais longo, mais compreto, mais movido, mais dramático e segurísimamente moi anterior. O andalús parece obra de algú xudeo ou mourisco, según aclarara a anteposición do artello *al* ó nome de Tamar. A sustitución de Amnón por Tarquino, o forzador de Lucrecia é un cas ben claro de iso que se chama *contaminación* entre dous temas, un de Ourente e outro de Ocuidente.

O noso poeta non fixo nada d'esto. Con solo o recordo de aquela bárbara páxina do Libro dos Reises, feceu unha refenda bárbara tamén culpa do asunto, pro mais xeral, mais humán e mellor condida e desempenada. Eiquí non se ve rastro algún de arabismo ou xudalismo; por isto quero creer que o romance non nasceu en Andalucía, nin en chola semillita, senón que de Castela veu a Galiza onde os nosos paisans o aniparon garimosos e de Castela baixou a Andalucía onde ise mouro ou xudeo estragou nél de moi mal xorne.

ARMANDO COTARELO

A XIÑA APARECERÁ  
OS HOMES ALBUM POR CASTELAO  
(EDICIÓN LAR)



Cántigas d'El-Rey Sabio localizadas en Galicia

## SAN ERO DE ARMENTEIRA

(DE UN TRABALLO LIDO NO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS Á 24 DO MES DE SANTOS DO 1924 ENCOL DAS «FONTES E DERIVACIÓN DA CÁNTIGA CIII.»)



principal cabaleiro de outo paraio e nobre alcuña, logo estudár ártes liberales, tomár a carreira das armas e casár cunha dona da sua condición arredouse do mundo pra vivir nunha ermida de Castróbe. Mais tarde pídeo a San Bernardo monxes da sua orde, pra faguer fundaceón, sendolle concedidos catro cando os de Clareval viñeron á nosa terra. No 1180 foi Don Ero nomeado abade, erguendo a belida eirexa da Nosa Dona, e gozando do seu cargo asta o 1176 en que nun bo día saindo

O libro foral, en orden XIII, do Mosteiro da Armenteira (1), esquíto no 1624 por Fr. Basilio Duarte, Prior e Arquivista do dito Mosteiro, conta que don Ero, Señor da Armenteira onde tiña o seu pazo, e moi

a dar un borde, na serán, sentado pe dun arbre, ouzou cantar tan mañanente un paxáro que ficou «dormido el cuerpo mientras el alma gozaba los deleites de la gloria, que por señál de los que por su virtud le tenía guardados quiso Dios darle a gustar». Os monxes procuraronno en todolos arredores, puxéronse en oración e fixéron rogaceons. Don Ero non aparece hasta o 1376 en que ispindose do sono tornou ó mosteiro. Deslumbrado era abade Don Fr. Alonso e quixo deixárlle de novo seu cargo mais Don Ero non o quixo coller. Non se sabe cuándo murió ni dónde está sepultado. O Calendario Cisterciense o celebra como Santo no 30 de Agosto, e quizás fose enterrado en el Capítulo o en la Eirexa. Hñóranse sus milagres aunque ya es muy grande lo que fixo en su vida.

Moltas vegadas, especialmente baixo o trienio de Fr. Matías de Peralta procuraron el cuerpo santo del sacerdote abad, más se no pudo topáre «porque no debe ser llegado el tiempo en que nuestro Señor tiene determinado se descubran y manifiesten sus sagrados huesos, para ser venerados y honrados de sus hijos y devotos».

Frai Basilio Duarte remata diciendo que este Santo «quien dio mejor noticia fue el P. Fray Bernardo Cardillo de Villalpando, cronista del

(1) «Comienza el libro foral en orden XIII y primeramente la fundación, Instituto y Abades de este monasterio de Nuestra Señora de Armenteira. Hoy está este libro en poder de D. Xosé González Fraguas, Abogado de Cambados. Debo a noticia del meu mestre ao Dr. Cotarelo.

Císter, sacando los datos del archivo de Claraval.

En efecto o P. Cardillo, anque nado en Segovia, estivo na Galiza, traballando nos Arquivos da sua orde, e escribeo a «Historiam monasterium Luperatensi, vulgo de Sobrado», e «Fundación del Monasterio de Nuestra Señora de Osera» e o «Chronico de los Ozores y Osorios en el Reino de Galicia» en col de temas galegos, pol-o que non poido ignorar a nosa lenda, que pol-o démas tifia cabida en moitas obras suas tales cal o «Itinerarium ordinis Cisterciensis sive Rerum Illius Illustrium» o «De viris illustribus ordinis Cisterciensis» e o «Speculum Monachorum» e demais obras suas que por non ter sido imprimadas coñecemos somente pol-as citas de Montalvo (2) e Henriquez (3) transladadas por Nicolás Antonio (4) na sua B. H. N. e por Vergarae Martín na Colección Bibliográfica de Segovia (5).

Fr Basilio Duarte cita tamén o P. Manrique que quen fixa ben os caraitéres con que a lenda de Armenteira no seo tempo exemplarlos e libros de meditación. San Ero estaba no coro rezando Maitines e saio duvidando das verbas do psalmo 85: «Quoniam mille anni ante oculos tuos tamquam dies estime qual praeterit» xurdindo a cantiga do paxaro como proba contra a dubida. Cando o Santo fórmá ténen pasado tres séculos. O lugár onde mais expresamente fala de esto o P. Manrique son os Anales Cistercienses, ano de 1176, capítulo 7 anque tamén é posibre que a cite en moitas outras obras que damos na nota, e que son males de atopar nas bibliotecas galegas (6).

(2) Chronico. Parte I. lib. II, cap. XXXII.

(3) Fenix Cisterciense.

(4) B. H. N. — II. — pag. 21 — Ed. Madrid — 1785.

(5) «Ensayo de una colección bibliográfica — biográfica de noticias referentes a la provincia de Segovia» — Guadalajara — Taller tip. del Colegio de huérfanos de la guerra — 1903, 616 pages.

(6) «Santoral cisterciense, duobus tomis: quorum prius vidit lucem Burgis apud Baptissem Varesium 1610. Bm. cinone 1615. Pliniae 1613, atque alibi: posterior Salmanticae 1620. — Discursos predicables para todas las fiestas de Nuestra Señora. Apud Varesium 1610. — Galice hi prodierant Parisiis. Porte hi discursus componunt priorem ex superioris o peris partibus.

Anque o P. Duarte non fale dela xa no seo tempo corria, imprentada por Fr. Malequias de Asso, unha vida de San Ero, que non podemos ollá e que coñecemos por Henriquez (7) seo Mennologium cisterciense, por Carlos Vischins, na Biblioteca cisterciense por Nicolás Antonio (8) do que Murguía no seo Diccionario de autores recolleo a nota (9).

Fr. Malequias de Asso, de nobre orixe, foi nado en Muela no 1542, abade de Matalline, Armenteira e Rueda, foi proposto pra bispo axudante de Zaragoza no 1592, co fidoo im partibus de Ulca, preconizouse no mesmo ano pra Jaca, onde morreu en recendón de santidade no 1606 e deixou a mais de ista impresión da vida de San Ero unhas indicacións «Sobre el gobierno espiritual y temporal del Monasterio de Rueda».

Velequí a nota de Nicolás Antonio:

«*Annonymus* Armenteriae in Gallaeciae monachus Cisterciensis conscripsis olim Vitam admirabilem B. Eronis, eiusdem loci abbatis; qual inter alia continet historiam illi similem quae vulgo narratur, de monacho affligimense, qui per annos CC ad cantum culusdam aviculan in exstasi permanens. Vitam hanc in antiquo codice repertam publicavit Reverendissimus Malahias de Asso (sic legendum)».

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

Katálogo de los Santos de la Orden del Císter. Salmerones.

Cisterciensium, seu verius Ecclesiastilicorum Annalium a condito Cistercie: tomi IV. I confine res gestas ab anno MCXXIII ad MCXLIV — Lugduni 1642. In folio. II resgestas ab hinc ad annum MCCLX XIII Ibidem eodem anno III. ab anno MCCLXV. usque ad annum MCCX. II inclusive — Lugduni 1462 sumbris Laurentii Anisson, IV pertinet usque ad annum...

Pontificale Hispano Cisterciense eiusdem non vidimus, nec Latissimum ne siam vulgare certe sumus. Idem de eo habemus Joannii Carennelli in Theologia — Regulari disputatione CX X 1 V. articulo C X crediti ut nos Carolus Vischins in Bibliotheca Cisterciensis.

Santoral y Dominical cristiano para las fiestas de Nuestra Señora y de otros santos, duabus partibus, priore: Pliniae 1613, altera Salmanticae 1620.

Nota de Nicolás Antonio. B. H. O. — T. I, pag. 90.

(7) Curiosa omni Henriquez — Mennologium Cisterciense. lib. 2 dist. 25 cap. 6.

(8) B. H. V. — Madrid — Ibarra — 1785 — T. II — Scriptorum incipi temporis — pag. 289 — Anonymus.

(9) Murguía — Diccionario de Escritores galegos. — Vigo — Campañel — 1862 — Art. Anónimo — pag. 7.

## ESTASE IMPRENTANDO OS NENOS - Contos por Filgueira Valverde (EDICIONES LAR)



# Do arte popular galego e de unha das suas manifestazons

LEÍDO NO «SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS» EN XUNTANZA DO 12 - IV - 924

Pra XOHAN e RAMÓN XIL e ARMADA

## O ARTE POPULAR GALEGO

O fervedoiro intelectual do tempo que vai de camiño eisixe que pobos de persoalidade tan definida como Galiza non carezan de estudos que o den a coñecer en todolos seus aspectos e ó longo os seus desacougos espirituales. Non embargante na morea de cousas que fican sen estudar ainda n'esta Terra anda o arte popular. Algo de bô se fixo en cancio e poesía e pouco en col da música, mais polo que fal a outras facetas, o campo da investigación é virxen ainda. E todo o que queira coñecer o espírito de un pobo ten de sorprendelo in fraganti na elaboración do seu arte interno, liberto de regrías e medidas, porque nél, nas sagras especies de unha pedra, de un ferro ou de un madeiro xacen patentes real e verdadeiramente todolos espoentes da Raza, as caraterísticas

cas todas que ela plasmou no vieiro da História.

Pondo as causas da peculiaridade do arte no sedentarismo, na permanenza secular de un pobo nun país característico, é indudavel que o arte galego ten de ser peculiar e perfeitamente diferenzabel do arte dos outros pobos;

Galiza como rexión xeográfica comprende amplias arredadas das outras terras da Península non foi ainda negada por ninguén. E en arte o paisaxe é soberano, os artistas son todos




XUGO DE UN CARRO DE BOIS DAS INMEDIACIONES DE SANT-IAGO

a lle render homenaxe. En arte e nos outros ordes. Lembrome do folklorista asturiano que matina que a monteira, a pucha que decora as testas dos labregos nosos podería ser imitación das nossas montañas (1). De eiquí ven, pois,

(1) Aurelio de Llano Roza de Ampudia. — *Del Folklore*

nosa independencia artística da que xa comenza a se decañaren os homes da meseta. O crítico Alcántara dímos que na España compre sinalar a procedenza dos artistas e fala da incomprensión recíproca dos artistas do Norte e do Sul e de outro fato de cousas por iste xelito (2). Mais si esta diferenza se espalla no arte erudito, ¿qué non ten de pasar no popular, xa que pol-a incomunicación, pol-o arredamento espiritual do home da campía - lugar de desenrollo de iste arte - as influencias chegan esvaidas e os cerañeres acúsanse mais fondalementos? A nós os galegos compre erguer o

sín infruxos alleos como os imperios precolombinos das Américas - concuiremos que, cas reservas necesáreas podérase adiviñar o arte dos primeiros poboadores de un peis á trasparencia do arte popular da actualidade. A iste respecto citarei a tradición viva ante a poboazón rural miñota de que os replicados xugos dos bois, culos dibuxos xeométricos si ben mais fastuosos son tan semellantes ós de Galiza teñen ditos adornos tomados das pedras das citanias portuguesas e más en particular da *pedra fermosa* da Citania de Briceiros conservada no Museo Martíns Sarmiento de



CARAVILLAS: MANICELAS

veu do santuario da nosa propia i-alma e contemplar telmosa e sereamente seu mistério.

Pra min boa parte do intrés do arte popular acouga na circunstancia da relazón que garda co dos aborixens. Si consideramos que o arte popular é mais que nada unha tradición, que o pobo non crea senón en canto fai evolucionar o primitivo modelo-cousa confirmada pol-as observazons de pobos aislados, autodidactos,

Guimeraes (3). Os xugos dos bois galegos levan as más das vegadas un ou mais circulos nos que se inscribe unha estrela de seis pinchos en relevo; xustamente como a pedra esculpida topada por Cuevillas na cítania de San Cibrán das Las (4) e como o remate de forques conservado pol-o señor Branco Cle-

(1) *Asturiano. Mitos, Supersticiones, costumbres...* Madrid MCMXXII -- pax. 183.

(2) Francisco Alcántara. — *La vida artística. Las esculturas de Ordóñez en el Salón del Museo Moderno*. Artigo «El Salón». — 29 — XII — 985.

(3) Manifestado ó autor por D. Xavier Ozores a quem llo comunicou o Conde de Vilas -- Boas.

(4) Vex. F. L. Cuevillas. — *O Castro «A Cidade» de San Cibrán de Las*. — Sección arqueolóxica da revista NÓS — Número 10 e A Cítania do monte «A Cidade en San Cibrán das Las», no Boletín da R. Academia galega, números 164, 165, 166, 167, 168 e 169.

rón (1). Pode haber elquí a razón do mínimo esforzo que axude a ista semellanza posto que a estrela ou rosa esapéjala conséguese dividindo a circunferencia en seis partes Igoaes co mesmo radio. Véxanxe emporiso outros exemplos.

Non dúbida un instanto Leite de Vasconcellos en ter a boneca que aparece nas cociñas do Alemtejo como unha supervivencia do «Ler amiliaris» (2) nin dubida cando asegura que os amuletos lusíano-romanos... perduran intactos; a «bulha» é a «medalhinha», a «nómica» ou o «saquinho» que encerra substancias de virtude; o «facium» tornouse un amuleto duplo que se usa na Estremadura, composto de unha figura e de un cornichón; a «lúnula» é a


e ágaja no seu encaixamento de metais preciosos. Pra existencia na actualidade de tipos de casa derivados dos de tempos prehistóricos véxanxe os estudos de outo intrés en col das casas do Cebreiro por Anxel del Castillo (1).

Con Yeats temos de decir, pois, que o *arte popular é a mais antiga das aristocracias do pensamento*; pra il sexa a nosa maior veneración.

#### O ISTINTO ARTÍSTICO

#### NO POBO GALEGO

Ten o pobo de Galiza unha pinga de arte sempre pra deitar nos lugares todos que atravesa, nas manifestazons varias da sua actividade. No mais recollido recuncho da sua



CARAVILLAS: BASES — C A F

«meia-lúa» traxida pelos meninos ou suspensa na testa ou ao pescoço dos animaes de tracción e carga» (3). Ista verbas ben se poden apricar á nosa Galiza onde os colmelois de porco engraxados en prata, as mancetas ou figas de cibache e coral son de corrente uso. Pareceu-me velas na coleizón dos Sres. Peinador en Mondariz; no noso poder andan algunas de iste xeito con maiores informes da marfil

vivenda, nos instrumentos da sua labor de cotío, no refreixo do seu amor polo armento e polo facendo, na vida traballada do agricultor que aprica os minutos de lecer a industrias silvo-pastorilis anda a man da raza de saudades a débollar as mazarocas do arte.

A casa rural galega cos edifizos adxuntos é verdadeiramente museu de arte popular. Nos extremos dos tellados en ouión ou de duas augas pónense estilizazons de pombas xa en repouso, xa en altitude de se botaren a voar, costumbe nascida da observación de que ese curro, como o máis erguello da construzión é o escollido dos animaes que, xuntamente ca vaca

(1) Véx. Xesús Carro: *La Orfebrería pre-romana y el tesoro de Castro Recuoso* conferencia dada no Círculo de Artesanos d'A Coruña e na Casa Social de Santiago.

(2) Topoi a estrela de seis pinchos no plato de un cruceiro do adro da igrexa parroquial de Tenoiro — Cotoabade — acompañada da de cinco pinchos de un só trazo que por ali chaman o risco de Salomón e faixe pra se afastar da Santa Compaña ou dos maos espirituais. Maiño se lle atribúe a virtude máxica ou si será resto do culto sabéflico na Galiza.

(3) J. Leite de Vasconcellos. — *Religiosas da Lusitanía*, vol. III, pax. 897.

(4) Ob. cit., pax. 876.

(1) Anxel del Castillo: *Por las montañas de Galicia: Las casas del Cebreiro* número 78 do Boletín da R. A.-G. de I-XI 1913 e moi principalmente *Origen de las «pallazas» del Cebreiro* no mesmo Boletín, número 82, do I-IV 1914,


dos vales tranquilos e o can montañés, é o que millor compón na paisaxe galega. As estilizazóns de pombas vense sustituidas na banda de Lugo por unha laxe de pizarra horizontalriba da que se pon unha pedra estirrada a modo de almea.

Nos tellados a catro augas vin grandes frolles nos vértices en Ordes (A Cruña) frolles, de terra cocida moi abertas.

As pombas estilizadas fanse estensivas ás cheminées colocando ou ben duas unhas frente da outra, nas bandas opositas, ou catro cada pomba no seu ángulo: teño apunte de unha en Valdoviño (Ferrol) onde as pombas millor que estilizazóns eran toscas esculturas. As cheminées de Lugo seguen o tipo de laxa e almea observado nos tellados.

a facer inventariará os momentos que o arte rural nos deixe; e de aquela os piornos terán de seren aprezados no que cada un val.

De eles coida Frankowski que son a supervivencia dos palafitos protohistóricos e velaiquí tendes outro exemplo da relación íntima desta arte co dos aborixens. En Galiza os plateros a diferenza dos de Asturias que case que non levan adorno nengún, compon a sezón mais variada e rica en manifestazóns artísticas. Pode decirse que somentes hai un atavío que se repete muitas veces, a crus. A crus fica sempre no lugar mas visíbel do hórreo presidindo e gardando os produtos que el encerra. «Muitas vegadas, di Eugeniusz Frankowski, vese encol dos hórreos galegos unha crus...». ¿Qué significación poden ter istas adoras os?



CARAVILLAS: BASES - G A K

Pro o sistema decorativo que se adoita de pôr nas cheminées é o de, a xeito de pináculos nas esquinas, ouxetas de barro: cuncas, potes, xerros, canecos e outros. A mole da cheminée gana moito con iste aditamento.

Na faciana dos casaeas de certa importancia dentro dos llindeiros da aldea óllanse pinturas xeométricas, pol-o común estrelas; ou relevos xocosos unhas vegadas - monifates, carantonias - relixiosos outros, figuras da pasión; a mais vista é a do Descendemento ou a das Angurias - dos que compren estudos.

A carón da casa ficán os hórreos ou piornos. A área por eles abarcada constitúe un les juro solerrado ainda do arte popular. Eu penso que ten de chegar un tempo no que o labor do persoal empregado no noso museo etnográfico

para o labrego galego o hórreo é un edifizo tan sagrado como a cireixa pois que o coida e o enxolela formando os motivos das construcións do tempo. (1) Niste parágrafo resume dito investigador seu pensamento en col dos hórreos galegos. Pásase él de que teñan ademais campañas, torres e carillóns pequeneiros, cousas que para mi non son mais que manifestazóns do misticismo panteísta do noso pobo que fai ouxeto de misteriosa e calada admiración os lugares onde se gardan os produtos da Terra - Nai. Eu teño observado que ises símbolos relixiosos dos hórreos vanse esvaindo hasta desparecer de todo nas veciñas

(1) Eugeniusz Frankowski - *Hórreos y Palafitos de la Península Ibérica*, páx. 26 e 27.

zas da beiramar onde a tal devozón esparéxese entre os dous elementos e onde os cultivos das legumosas non elixen, como fan os grans, depósitos pra a sua garda. E nas terras mariñeiras non son grandes as estensiones adicadas ó cultivo dos cereaes.


Os hórreos mais probes hachellos, pois, nas costas da Galiza polas razóns devanditas. O de maior senso místico vino en Narón perto do Ferrol; non embargante ser moi pequeno era — causa única — de catro augas, en cada ángulo i-en cada seu vértice sostinha un cáliz con caño cravos na cunca o no medio da aresta do cuio, antre os cálices dos vértices, unha cruz. Nas veciñanzas de Belanzos e nas freguesías que van todo ó longo da estrada de ista cibdade ó Meson do Vento ouviríamos ornamelados de xeito unánime con ri-

## NÓS

e de escultura popular que hacha o seu mais alto grado de expresión nos cruceiros e nas fontes monumentais; con todo, e ainda tratándose de un lixeirísimo e superficial faladuría a que hoxe facemos pra intresar ós meus compañeiros do «Seminario» nas cousas que son ouxeto de istos apuntes, non-as darei elqui. A Condessa de Pardo Bazán deixounos nun impenado pulo satírico, descripción doada dos primeiros (1) e dos outros ben nos podería falar o Castelao con verbas atelgadas de xenbrismo e amor ó noso.

\*\*

A industria dos picheleiros, dos latoeiros, dos alfareiros, dos ferreiros etc. gárdanos muitas sorpresas pra cando as estudemos debida-



CARAVILLAS: BASES — X A M

cos ostensorios de madeira, representación do misterio eucarístico, lembranza tal vez do que figura no escudo de Galiza e que aparecendo tanto nos edifizos públicos de aquela antiga vila chegou a ferir a imaxinación campesina. Nos arredores de Padrón — Lestrove, Dodro... — teñen fastuosos reloxes do sol na dianella de pedra de gran, con reminiscencias barrocas nas volutas que os encoadran.

Poderíase facer un estudo dos piornos por rexións ben caracterizadas dentro da nosa Terra.

Píñanse os hórreos coadriquendo os paramentos esteriores i-enchendo logo ises coadridos de roxo, verde e branco principalmente. De ises coadridos fanse tamén triángulos axeitándose os côres con diversas combinazóns.

Teño recollidas novas dos petos de ánimas

mentes. Teremos que pregar ó Porvir que nos traia un Rocha Peixoto que estude a nosa *Iluminación popular*; iste investigador describe tipos do Miño — Arcos de Val de Vez, Ponte de Lima, Penafiel e O-Porto — que foron observados por Risco na feira de Allariz i-eran vinos tamén na mesma cibdade de Ourense. (2)

\*\*

A industria da ferreiría abrangue ouxetos de moita curiosidade: petadores, cataventos, pechaduras, cravos ou biloques, caravillas etcetera.

Tiveron súa n-outrora as ferreirías galegas;

(1) Emilia Pardo Bazán — *De mi tierra*, pax. 266 e seguintes.

(2) Rocha Peixoto. *Iluminación popular* na revista PORTUGALIA, vol. II, pax. 35 e segts.

vilas coma Pontevedra tiñan por elas bo medio de vida; a cantidade de xacimentos de mineral de ferro en esplotación dende tempos recuados era moita (1). No século XVI decía o Licenzado Molina:

También herrerías que es loa en Vizcaya aquí las tenemos y muchas de sobra. (2)


Os petadores galegos más espaldados son os de estilizáns de animais, lagartos e caballos teño visto. Tamén son abundantes os de unha ou duas espirals ou volutas.

En pechaduras cada pazo e cada casa antiga de señorío garda infinita variedade. Vin na freguesía de Lantán, na porta interior de un pazo do século XVIII unha ca figura de un paxariño en vó observado dende o chan e moi ben resolto con arte cheo deinxuidade e grazia. En Santiago existe un fermoso tipo

son liñares e incisos. Nos segundos hai verdaderos enredos de forxa. Os que conserva o convento de Vistalegre de Villagarcía - ós. XVII - son de liña moi superior ós que, idénticos, aparecen catalogados no Museu Machado de Castro de Coimbra como da mesma data e da «Serralhería de Toledo» (1). En Santiago son de toda magnificencia os do Hospital de S. Roque, formados por unha cruz potenizada que ten inscrita unha concha de vieira, así como os de muitas casas particulares.

Pasando sen mentar as veletas ou cataventos dos que tantas fermosas temos dexergado, entremos de cheo n-aquela manifestación da nosa ferreiría que é principal ouxelo de istos apuntes sinxelos e cativos.

\* \* \*



CARAVILLAS: BASES - N A O

predominante: águia bicéfala que leva antro as testas ás veces a cruz xacobea - casa do Deán - ás veces a potenizada de don Diego de Muros - Hospital Real - (3) En Astorga ollel o mesmo tipo sin as devanditas cruces, en troques levaban as águias no bico poníñas de carballo e de loureiro. Tal vez sexan de construción galega.

Dos cravos temos exemplares esplendidos de figurar en calisquera colección. Convén diferenzar os dos portalóns campesinos e os dos edifizios viles. Os primeiros están dispostos en liñas paralelas e os seus adornos

A caravilla é un producto rural tipicamente galego.

A verba *caravilla* do latín *clavícula* (chaveta) distingue a unha pechadura empregada nos portelos e nas cancelas das casas rurais da Galiza. Fica consituída por unha palanca angular de primeiro grado e consta de *manicela*, *base* e *brazo* como órganos principaes. A verba caravilla esquivella os tres diccionarios galegos con *b* definindo o ouxelo o mais antigo de eles, o de Rodríguez como «clavija, pedazo pequeño de hierro para cerrar una puerta, especie de pasador»; o de Cuveiro como «clavija sea de madera o de hierro y hasira en forma de pasador»; o de Valladares dí que é «clavija, pedazo de hierro con gancho de saca y pon». A definición de Cuveiro parécmese a mais

(1) Vex. *Ferreira e Ferrería* por J. Lete de Vasconcelos, no BQAG, núm. 147 correspondente a 1 - 12 - 1922; Justino (XLIV, 8) cit. por Schulten *Hispánia* pax. 78.

(2) *Descripción del Relato de Galicia y de las cosas notables del país*. Illa da chamada polos bibliófilos terceira edición (Vex. Villa - anil, *Esbozo de un catálogo sistemático y crítico de algunos libros... que tratan de Galicia*) Madrid, Rico de Miranda, 1678.

(3) Véxase na capela a porta que da á sacristía.

(1) Na sala XVIII do dito Museu destinada a ferros.

asizada pois con ista parola abranguese molta das de pechaduras ás que se lle aprica por estensión.

A manicela e a base son as partes que mais se presan pra o decorado xa por ofrecer mais campo xa por seren esteriores. O brazo persenta dibuxos líftares ó longo e si é caso, entrecruzándose formando losanxes.


Hai un tipo de caravilla *por presión* que é pouco abundante; é a representada no dibuxo A. Son caravillas de grande tamaño, a do dibuxo ten 39 cm. e medio e hacheira na parroquia de Fornelos da Ribeira perto de Salvaterra de Miño. O punto R onde actúa a polenza tópase de abondo imitando unha cuncha de

## NÓS

recoleita por mor dos viaxes, porque sospello que ó cabo de poucos anos veranse sustituidas por ferros de fráctica estranxeira como xa agora pode verse nas cancelas da veira das estradas.

A forma da manicela é moi varia. Na lámina B fixen a sua tipoloxía e no orden en que aparecen dibuxadas, tendo en conta que os primeiros números son os elxempres más arcaicos, poidera ser a sua evolución.

A sinalada co número I correspondente ó dibuxo C é o tipo mais antigo dos por mítapados; pertenesce o pazo chamado «da Paroxa» en Portas - Caldas de Reis - en cuio portalón almeado, do ano mil seiscientos e tan-



CLAVILLAS - DETALLES

vieira. Anque se alcontran en toda Galiza domean mais no Norte; os do dibuxo X son do límite con Asturias - Vegadeo, Ribadeo - (1).

Mais intréns ten ó meu ver a caravilla *por torsión*. É característica da Galiza actual e da Galiza histórica. Non-a vin fora da nosa Terra nin nas coleizóns de ferros que conozo hai nada semellante. No «Cau Ferrat» de Rusiñol en Sitges nin no Museu de Coimbra teñen caravillas. (2). Puxen certo empeño en recoller algo de elas, non embargante a dificuldade da

tos se mostra. E dos meirandes pois convén adeverfir que o grandor medio das manicelas é de uns trece centímetros é o do conxunto de uns vinte.

O II é de transición ó tipo III formado polo lanzenza de duas circunfrenzas; abonda na Maña e nas veciñanzas de Sant-Iago. O IV olleiro en Irria. O V é o mais común tal ves pozo ben que se axeita á man. O VI pertenesce á freguesía de Rubians - Vilagarcía - onde predomina iste tipo escaso no resto do país. Os números VII, VIII, IX, X e XI son todos de Salvaterra de Miño, de tránsito ó tipo XII que é o que se atopa en Portugal, sómentes na provinza miñota. Con isto fixose outro misturado de

(1) É referencia do meu illustre mestre e amigo D. Armando Cotarelo.

(2) Pra o «Cau Ferrat» véxase MUSEVM, vol. V, núm. I, 1917 e Arte y decoración en España, Caselles, Moncanut, editores, Barcelona, año 1929, Tom. IV, láminas 83 e seguintes.


caravilla e petador que abonda igualmente en toda Galiza. Os XIII, XIV e XV son tipos soltos de diversos lugares.

Anque a dozura de liñas das manicelas, nunha materia tan pouco doadá como o ferro marca un perfeizoado senso artístico, onde iste se manifesta mais craramente é nas bases.

Dou algúns dibuxos en col dos que son de-

Ouro, no lugar da Laxe - Vilagarcía -; o da Q do de Quintandona no mesmo Concello.

O mais notabel é o da G por ser o único exemplar repuxado que conezo. O Q mide vintedous centímetros, a manicela fica traballada en espiral e na parte baixa ten inciada unha estrela; é curiosa tamén a sua figura de volvoretá ou de dous corazóns xunguidos fortemente pol-o vértice.



CARAVILLAS: - DETALLES

mais as espicazóns. Ainxenuidade campesia adrezounos con corazóns e calados onde se podería adiviñar a man que tece rendas sotiles choutando tolamente os dedosriba da almofada pinchada por milleiros de alfinetes. Os señalados dende o D hasta o N inclusive son da freguesia de Fornelos da Ribeira; o da O da de Pesqueiras - Salvaterra - o da P da casa do

Na lámina S van detalles dos nōs das caravillas. Infresa o primeiro de eles que representa un cruceiro con plañá e tudo

Os apuntes meus van de remate. Poñamos todos de manifesto a i-alma da Raza: oremos et laboremus.

F. BOUZA BREY



# A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(*Proseguimento*)

Esta expedición de Decimo Junio Bruto, que mais foi razzia pasaxeira que guerra de conquista e d'estabreamento duradeiro, e que non alcanzou mais qu'as terras do Sul da Galiza, si ben sirveu pra descobrila, non deu un coñecemento esauto d'ela nin a abriu por inteiro ó comercio e trato dos estrangeiros, y-así as noticias recollidas por Polibio de Megalópolis que por aquil entón atopábase diante de Numancia formando parte do séquito de Scipion Emiliano, debían distar molto de ser craras e concretas. A obra d'aquell historiador perdeuse na sua mor parte e no que d'ela nos resta, fala algunas veces da Lusitania, mais nin unha soile vez nomea a Galiza, sendo moi posibre qu'as idéas de Strabon en col da extensión dos Lusitanos deic' ó Cantábrico, teñan un orixe polibiano.

Nos comenzaos do século -I, Artemidoro d'Efeso e Posidonio d'Apamea visitan a Península, e dos seus libros tira Strabon os datos relativos á riqueza mineira do noso chán. Car'o ano -70, Asclepiades de Mirlea reside na Turdetania onde s'adicou ó ensenho da retórica, e deixa na sua *Perígeases*, unha descripción do país *encontrando en todas partes huellas de los héroes griegos y helenizando los nombres de lugar ibéricos*, ó decir do Profesor Schulten, (1).

No mesmo século, os exércitos romanos siguen facendo incursións na Galiza. En -93, Publio Licinio Craso chega hastas Cassitérides; en -74 ou -73, Perperna o lugartenente de Sertorio, penetra novamente no territorio dos Calecos, y-en -61 ou -60, Julio César avista en Brigantium o mar Cantábrico. Pasadal-as guerras civís Octavio Augusto, dono e señor do imperio, afoga a derradeira resistenza de Cántabros, Astures e Galaicos, y-a nosa terra é sometida ó poder de Roma, vendo logo o seu chán cruzado por camiños, abandona-dos castros y-as cítanias, y-esprolada-as suas minas pol-a mau dos vencedores.

De todas estas loitas da conquista romana, queda lembranza nas obras d'Appiano, Velejo Paterculo, Floro, Dion Casio, Plutarco e nos Epítomes de Tito Livio, especialmente no d'Oxyrhincus, e miudas referencias en Julio Obsequens y-en Valerio Máximo; pero istes autores atenderon mais nas suas historias ó feitos guerreiros dos generás e soldados de Roma que non ás maneiras de ser e de vivir dos povos con quen combatiran, y-así soilo atopamos n-ellos de tarde en tarde algúnsa noticia com'a do paso do Limia ou a dos funerás de Viriato que teñan ou poidan ter certa relación co-a etnografía dos antigos Galegos, en col da cual poucas informacions teríamos no dia, si Strabon, escritor grego d'Asia que morreu no reinado de Tiberio, non houbera recollido nas páginas da sua *Geographica* todo o que n-aquelles tempos se sabía d'iste arredado corruncho do Imperio Romano. Iste insine geógrafo, gardador da tradición estoica deu mais tirlo na sua obra ós feitos humanos, usos, costumes, religión, etc. qu'ós accidentes topográficos, e gracias a elo, sabemos hoxe cales eran as práticas adivinatórias, os sacrificios, o traxe, o geito de combatir, os alimen-tos, as bebidas y-os oujetos de comercio das nosas tribus prerromanas. Craro está que semeillantes informacions non teñen unha precisión ausoluta e que Strabon, que tomou ben cousas dos libros de Polibio, Posidonio, Artemidoro y-Asclepiades, cai ás veces en errores de consideración. Confunde ós povos da Galiza cos Lusitanos; atribuie idénticos costumes a to-das tribus do N e do W da Península; aco-lle as fantasías troyanas d'Asclepiades, mais danos en troques unha sensación de vida e d'humanidade que non volvemos alcontrar en ningún dos escritores antigos que con mais ou menos extensión s'ocuparon da nosa terra.

D'iste mesmo século I da nosa era, o mais fecundo en referencias en col da Galiza, son a *Biblioteca* de Diodoro Sículo, o *Situ Orbis* de Pomponio Mela, a *Historia universal* de Trogó

(1) *Hispania*, pag. 88.

Pompeyo, que coñecemos por unha abreviación de Justino, a *Púnica* de Silio Itálico y-a *Naturalis historia* de Plinio. Nas catro primeiras atopanse informacions bastante exactas tocantes ó litoral galego e da situación das Cassiterides, e tamén alusíos ás crencias religiosas e ó espírito guerreiro dos antigos habitantes de Galiza. Plinio pol-a sua parte apaixonado datos recollidos de Varro y-outros que podemos chamar oficiais, tomados do *Corografo d'Agrippa* e da *Formulae provinciarum d'Augusto*, deixounos un catálogo bastante completo das tribus galegas, poslas nos seus respeitivos conventos juridecos, a mais d'unha descripción das costas e d'unha animada pintura dos traballos nas nosas minas d'ouro.

Nos lós do século I e nos II, III e IV, as noticias dos textos devecen moito. Si exceptuamol-a magna obra de Ptolomeu, que nos proporciona nomes novos de cabos e cidades é que fixa nos seus justos límites á tribu dos Lusitanos, non alcontramos outra cousa que pequenas alusíos relativas ós cabalos galegos, ó estanío das Cassiterides, ó ouro das riberas do Sil y-a habilidade metalúrgica dos galegos, espalladas en Julio Solino, en Gracio Falisco, en Marcial ou en Claudio. E mais tarde Orosio, San Isidoro, o Itinerario d'Antonino y-ainda o Anónimo de Rávena, engaden ós nosos coñecimentos algunhas noticias mais comás relativas á situación do Medulio, ó tipo físeco dos habitantes da Galiza, y-a distribución misionaria das vias militares romanas, de forte intrés histórico y-etnográfico.

Esta penuria d'informacions nos escritores dos tres derradeiros séculos do Imperio, esprécase pol-a situación excéntrica de Galiza, ond'a romanización non chegou a penetrar fondamente na entraña do país. Demuestra iste feito millor qu'o silencio dos textos a escasez d'epigrafía latina na nosa terra y-as grandes supervivencias indígenas que s'ouservan nas lápidas existentes. Deixando a un lado as pedras miliarias y-as dedicacions ós emperadores, son poucas as inscripcions onde non aparecen nomes de deuses ou de persoas de marcado carauta local. As letras co-as qu'os antigos galegos escribían os seus epigraffes, eran case sempre latinas, latino o geito de redacción, pero o espírito seguía apegado ás tradicións y-as crencias da terra. As vellas divindades

anteriores en moltos séculos á introducción dos deuses do panteón romano, fiñan ainda acocho nos curazos; os nomes indígenas de persoas e de familias continuaban en uso aggiuntados algunas veces a nomes romanos; as antigas divisões tribais e gentilicias quedaban en pé y-eran cuidadosamente mencionadas, y-as n-estas lembranzas d'outros tempos, n-iste sabor arcaico da nosa epigrafía latina está o seu mor interés. Por elas sabemos qu'eran adorados elquí Navia, Cosus, os Lububus, as Matris, e qu'o Júpiter do Olimpo era identificado con certos genios montañeses; por eles sabemos qu'as gentes galegas d'unha d'outra beira do Miño chamábanse *Viriatus*. (2) *Camalus*, (3) *Mesdamus* (4) ou *Caturus*; (5) por elas sabemos que por baixo da tribu existía unha organización politeca relacionada seguramente cos castros: o *Castelo Berensi*, (51) nos Limicos, o *Castelo Meldunio* (52) nos Querquernos, *Calubriga* (53) nos Gi-gurros; e por elas derradeiramente sabemos qu'o idioma ou idiomas indígenas, ainda eran falados despois da invasión, já qu'algunas lápidas aparecen escritas n-unha lingua que polo d'agora ten desafiado os esforzos dos eruditos qu'ainda non conseguiron descifrarlas d'un xeito satisfactorio. Crer está qu'a tradución de semellantes lápidas, o mesmo qu'a interpretación dos nomes de lugar, de persoas e de gens, que coñecemos pol-a epigrafía e polos textos, están sujeitas ós enbeleñados estudos linguísticos que con tanto entusiasmo cultivaron: algúns historiadores regionais, os que levados polos escrusivismos dos seus respetivos puntos de vista, convirriron a Galiza n-un país en cuia onomástica deixaran fondo sinal sóbolos povos da Antigüidade. Teñen atopado elquí raicés, sufixos e prefixos vascos, cel-tas, ligures, ibéricos, kimricos, helénicos y-hasta egipcios, e tan d'abondo, que soilo co-as verbas derivadas do grego, encheu o Sr. García de la Riega varias páginas da sua *Galicia Antigua*.

*Continuaráse*

- 
- (2) Hübner, C. I. L. 2488, 5 246, 5886.  
 (3) Hübner, C. I. L. 417, 407, 418. etc. vex., Supplementum, pag., 1060.  
 (4) Hübner, C. I. L. 2320.  
 (5) Hübner, C. I. L. 2405, 2400, vex., Supplementum, pag., 1060  
 (6) Hübner, C. I. L. 5353  
 (7) Hübner, C. I. L. 2320  
 (8) Hübner, C. I. L. 2610

# P A N T E I S M O

*Pra CARLOS VALENCIA*

*Enchese a noite milagreira, escura  
d'estrelas brancas; lene ollar de Deus:  
Unha bágoa d'amor as trevas fura....  
jvai cara o ceo dend'os ollos meus!*

*A ermida arrebuxada entre os piñeiros  
bebe no azul, nas augas do perdón.  
O vento espalla a todal-os vieiros  
o meigallo do toque d'oración.*

*A Compañía dos mortos e dos vivos  
durme na doce soma das estrelas.  
E fortes aturuxos fuxitixos,  
do bosque tenebroso dos lascivos,  
veñen tral-as cantigas a collelas.*

Augusto M.<sup>o</sup> Casas,

Ourense, 1925.

## QUOD NIHIL SCITUR

*(Proseguimento)*

Pra qu'algo seipamos perfeilamente, compre coñecer cales son as cousas qu'o causan, e de que xeito. Hai tal encadeamento antre todal-as cousas, que non hai ningunha ociosa, ningunha que non dñe ou aproveite a outra; e asina, a mesma cousa é doada pra dañar e axudar a moitas. Logo pra ter perfeito coñecemento d'unha cousa, compre coñecelas todas: mais, quen pode ter ise coñecemento? Nunca o vin. Y-é p'rx esta mesma razón porqu'unhas cencias axudan a outras, e porqu'unha contribuye á coñecencia da outra. Y-o que é mais ainda, unha se non pode coñecer perfeilmente sin a outra, e por esto áchanse obrigadas a axudárense. Os ouxetos d'elas dependen tamén un do outro, e un do outro s'aprovela. Outra vez síguese que non se sabe nada. Pols: quen hal que coñeza todal-as cencias?

Exploré brevemente algún exemplo pra que

non quede esto sen probanza. Abondará un sobr'o home. O home odia ó basilisco; din qu'iste morre co cuspe do home en aúñas; o basilisco odia ó home e maís á donicela, qu'a-según din, mátao; a donicela odia ó basilisco e maís ó rato; iste á donicela e maís ó gato; iste ó rato e ó can; iste ó gato e á lebre; esta ó can e ó furón. Isteis exemplos chegan sobre da antípatia.

Tamén o home se non mantén nin se deleita con calquera comida, mais co-a carne de vaca, carneiro, etc. Isteis tampouco comen calquera cousa que lles dean, senon herba, afreitas, palla: estos se non dan en calquera terra, senon n-esta ou n-aquil-outra; tampouco esta terra da de todo, senon tal ou cal cousa; pra esto fai moito iste ou aquil clima. Isteis exemplos sobre da simpatía.

De que xeito pasan todas estas cousas? De

calquera que sexa, convén coñecer a natureza d'estas cousas, enantes de coñecer ben o home. Compre saber porqué o home se mantién, medra, vive, enxendra, corrómpese, raciocina, e logo, hai qu'esculcar o que é a y-alma, e as suas facultades. Por esto mesmo, hase d'esculcar tocantes ás plantas por qué almas viven; estudar as bestas e os seres inanimados. A cencia dos contrarios é a mesma. D'onde ven a xeneración e a corrupción? De calidás contrarias. Logo, convén estudar estas, tocantes ós elementos e ós corpos superiores: pois o sol e o home enxendran o home; sobre da introdución da y-alma, sobre da introdución das formas, a aución e a pasión, a calidá, a cantidá, a situación e a relación; porqué está en repouso, porqué enxendra, porqué quenta. Compre estudar porqué está quedo, aquil, n-iste instante; n-iste tempo: compre ver o que é o tempo. Deseguida hase tratar do ceo e seus movementos; pois o tempo é, asegún dí Aristóteles (anque mal, coma hemos ver no seu lugar *númerus motus secundum prius et posterius*). Compre ver porqué se moven co movemento reujo e pra baixo: e deseguida o que é enriba e o que é debaixo: do centro do mundo, dos polos e das partes do mundo. Porqué vé, y-eslo por medio da luz; logo tratar dos coores, dos espíritos, das imaxes, da luz e dos corpos luminosos, do sol e dos astros. Porqué é corpo y-está n-un lugar, e despóis tratar do corpo, da sustancia, do espazo e do valeiro. Porqué o espazo dise finito; sobr'o finito e o

infinito. Porqué enxendra y-é enxendrado, e deseguida tratar de todal-as causas, dcica primeira. Porqué raciocina, d-eiquí tratar da y-alma intelectiva e as suas facultades, da cencia e do que pódese coñecer, da prudencia e dos demais hábitos, asegún lles chaman. Porqué mata; porqué endexamais vive contente; porqué arrisca a vida pol-a patria; porque socorre ós enfermos e ós necesitados, e deseguida tratar do ben e do mal, da virtude e do vicio e da inmortalidá da y-alma. Calquera d'estas cousas leva co-ela todal-as outras, as cales sería aborrecente proseguir.

O mesmo de calquera cousa, por miuda que sexa. Esto, coñecelo pol-o exemplo familiarismo do reló vulgar. Se queres saber de que xeito dá as horas, é preciso que dend'a primeira á derradeira esamines todal-as rodas; que é o que move á primeira, e de que xeito esta á outra y-estas á outras duas e asina ate chegar á útima, porque si o reló, ademais de dal-as horas indicaas co estilo por afora, e señala ademais o curso do sol no zodiaco co mesmo movemento con que se fai no ceo (cousas todas que con outras moitas vemos amos trárensenos asegún o verdadeiro curso dos astros, no reló portátil), entón o asunto faríase mais difícil e non poderías percibir de que xeito se fai a mais pequena d'esas cousas, senón desmonias y-esaminas por comprelo a máquina toda e non entendes cada unha das pezas e a sua función.

(Continuaráse)



# ARCHIVO FILOLOXICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

(C O N T O S)

## Canto de xaneiras

Recollido na freguesía de Tenorio - Coto-bade - por Xosé Núñez Búa. (1)

(CORO)

Santa María,  
nai da piedá,  
róganos, Señora,  
pol-a cristiandá.

(LINHA VOZ)

Eu non sei pedir;  
eu non son merecedora  
d-El Señor me oír.  
El Señor me oia  
estas poucas palabras.  
El Señor se alegra  
de aquel que se salva.  
Salvador do Mundo  
e de todol-os *salvares*  
non vivas nin *mueras*  
sin a confesión.

(CORO)

Sin a confesión  
eu non penso morrer  
que a Virxe María  
*me ha de valer.*  
¡Oh Virxen, oh Virxen,  
que estás coroada  
debaixo do monte

con coroa sagrada.

Coroa sagrada  
que lle veu da groria  
pra que lle adoremos  
a quen nos adora.

*Vamos a Belén*  
onde non vai ninguén  
a mirar o neno  
que a Señora ten.  
A Señora lava  
san Xosé estende  
o meniño chora  
co frio que tenhe.  
- Cala, meu meniño,  
cala meu amore,  
que as tuas *ledicias*  
me causan delore.

Os fillos dos ricos  
en berces dourados  
e ti, meu meniño,  
nas pallas deitado.

## Conta

- Paxariño pequeniño  
quen che dou ese piquiño?

- Foi Noso Señorito.

Repiquin e repiquín  
tres graníños encontrín  
e levinos ao muíño.  
o muíño a moer,  
os ralíños a comer  
e collin un pol-o rabo  
e levino ao mercado  
e díronme cairo pesos por él e un cabalo.  
O cabalo estaba coxo,  
levino ao ferreiro  
o ferreiro non estaba  
que estaba a muller,  
pedinlle unha cunca de caldo  
i-ela douma.

A cunca estaba furada;  
a culler tiña ferruxo;  
eu chaminlle vella chocha;  
apurroume os cans de palleiro,

(1) Prá clasificación en seccións da nosa recollida folklórica, debéramos ler en conta, cando se fala de costas, com'iste *Canto de xaneiras*, a *Oración* e as *Verbas de San Xoán reformadas* e os dous *Contos* tamén, se se deben pôr na de *Literatura popular*, ou ben no referente ós costumes ou ás superficies, pois en todas elas cadría o seu estudo. Efectivamente, é costum probada pol-a observación dos pobos primitivos que no seu orixe, non hai cántiga, historia nin leenda que non corresponda e que non vala en compañía d'unha acción mais ou menos ritual, sendo, contónselle o sabio etnógrafo Van Gennep, a recitación da cántiga, historia ou leenda, parte integrante e principal do rito, o qual ven ser moitas veces a cántiga ou leenda posta en acción, e a cántiga ou leenda, a descripción motivada da acción ritual.

Asina o *Canto de xaneiras* é ben sabidamente parte d'un rito piedoso que lembrá e reproduz a adoración dos pastores de Belo; a *Oración* ten no seu mesmo testo recoñecido o seu efecto espiritual; as *Verbas de San Xoán* velen ser un exorcismo ou desconjuro contr'o diabo; e os *Contos* acompañan un colectivo juego dos nenos. D'ellos que compre recoller sempre ó mesmo tempo a cántiga e o rito, juego ou costume de xe forma parte.

eu escapin a correr  
e no medio do camiño  
atopei un cabuxiño  
e peginlle unha patada  
e fixo meeeeeeeeeeeeeeeeeeee...

Recollido en Ponte-Cesures por F. Bouza Brey. Hai versións publicadas diferenciándose bastante de elas a presente que ten a particularidade de usar a forma dialectal das Rias Baixas que abrangue, como pode verse, unha zona interior estensa.

**Conto**

- Pico, pico, mazarico  
quen che dou tamatio pico.  
- Doumo Dios e os meus pecados  
para picar nos carballos.  
Eu piquei e replquei  
e grañios encontrei.  
Levelnos ao muiño,  
o muiño a moer,  
os relíxios a comer  
e collin un pol-o rabo  
e levelino ao mercado  
e vendín cen reás por bocado;  
marchei por unha correloira torta  
atopei unha craba morta,  
saquelle unha corna  
e púxeme a tocar n-aela  
toquei e toquei e volví a tocar  
e vilieron os ladrós  
e sacaronme os calzós  
e collin a corna e púxenme a tocar  
e decía así:  
Sebastián, iño,  
e vós vide aquí  
que sete ladrós  
me leñen preso aquí.  
A craba negra  
e mais a verdegada  
están nunha caldeira  
facendo unha guisada.

Recollido en Senra, concello de Oroso, A Coruña, por Ramón Martínez López, do S. de Estudos Galegos. Ista versión é parecida a publicada por Murguía (*Historia de Galicia*. - 1ª edición. — pax 577). A primeira é mais imitante a publicada por Bailesteros (*Cancionero popular gallego*. — Tº II. — pax 187).

**As verbas de San Xoán retomadas**

En Tenorio — Cotobade — dícese estas verbas con certo aditamento final que redondea a versión mais completa das publicadas arastora. (Amador Montenegro Saavedra. — *Boletín de la Real Academia Gallega*, Número 103. — pax. 154):

As trece, trece raiñas do Sol  
onde estourou o demo maior  
e os que andan ao redor  
e sinón estourou estourará;  
arreda Barrabás  
que conmigo nunca entrará  
nín por diante nín por detrás,  
nín de noite nín de dia  
nín no fin da miña vida;  
pol-a gracia de Dios e da Virxe María  
un padre-nuestro e un ave-maria.

Tamén a entremedian dímpols de invocar «casa santa de Xerusalén» un engadido que parece de outra oración sin conexión algúnsa ca presente. Véxase; é simplesmente

Bueno Dios, bueno hombre,  
bueno santo de mi nombre.

que parez importado modernamente de outra castelán tal vez semellante, como o xogo de prendas, menzoado por Montenegro Saavedra, de Zafra, provincia de Badaxoz (*Biblioteca de Tradiciones populares*. — Tº II. — pax 180)

Recollido por  
F. BOUZA BREY

---

A XIÑA APARECERÁ  
OS HOMES ALBUM POR CASTELAO  
(EDICIÓN LAR)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

*O NÓS, n-esta segunda xeira, propónse dar a esta sección maiormente movemento e superior utilidade, ocupándose non somente das publicacións, mais tamén dos feitos da actualidade galega no orde espiritual, en notas sintéticas e feitas polo-breve, que han ser o mais instrutivo que poidamos. Ainda non podemos emprincipiar iste labor, qu'elquí anunciamos pró número que ven.*

### LIBROS

HACIA EL BALLET GALLEGO, por JESÚS VAL (Editorial Ronsel, Lugo, 1924).

Jesús Val tivo a boa idea d'escribir este libro que hai tempo debera terse escrito, co-a intención, que já algúns acariñáramos, d'orientar nun senso d'arte grande os Coros Galegos. Sabendo que fémolos elementos pra criarmos algo superior a moitas cousas que andan chamando a atención e as gabanzas polo mundo adiante, houbera sido parvada non precurramos aproveitar o que hal pra darlle o grito preciso éilo encamifando por onde debe ser. Jesús Val pensou aixiña no *ballet* - levado polo-rusos ó mais outo cumo - e co-iste pensamento, argallou iste libro d'unha grandísima utilidade, cheo ademais d'observacións agudas e atinadas.

O malo é que a imitanza co-a maneira de expresión, e ainda co-a maneira de pensar d'Eugenio d'Ors, fai ás veces pouco simpática a sua leitura.

Estuda Jesús Val sintéticamente o meio aldeán de Galiza e o grito com os Coros o interpretan. Ven despoixas q sua teoría, e por fin o que se pode facer.

Molitas cousas poidéramos sacar d'il prestudadas arredadamentes, polo-problemas que fraguen á nosa consideración. Mais eso pr'ooutro día, se Deus quer.

V. R.

L'ORIGINE DE L'HOMME, por A. A. MENDES-CORREA (excerpto de *Scientia*, de Milán) 1924.

O autor examina o estado actual de problemas das origens da especie humana, asegún o evolucionismo transformista. Nas 12 aproveitadas páxinas da brochura, amóreánse, ditas en duas verbas, no estilo resumido da síntese científica, as dificuldades d'iste problema, que cada día que pasa, non fan mais que medrar. Con verdadeira concencia científica, vai o au-

tor reparando en todos os infroitosos fatexamentos dos sabios pr'escrarecen iste asunto, por mais qu'il fique apegado á tése transformista, com'aínda o están a mor parte dos inqueridores.

V. R.

L'HEREDITÉ MENDÉLIENNE ET L'ANALYSE ÉTHNOLOGIQUE, polo mesmo (Excerpto de *Natur und Mensch*, de Berlín, 1922).

Estudo das complicacions qu'o mendelismo trai ós estudos antropológicos y-étnolóxicos, anque o autor toma en conta o non aparecer moi segura a aplicación dos principios mendelianos á herenza na especie humana.

V. R.

NOTAS DE ARQUEOLOGÍA PREHISTÓRICA GALAICA LOS DOLMENES DE DOMBATE Y DE LA GÁNDARA (CORUÑA), por el Dr. C. Pérez Bustamante - Catedrático de la Universidad de Santiago de Compostela, con lo colaboración de S. Parga Pondal, Professor de la misma Universidad. Separata del Boletín de la Biblioteca de Menéndez y Pelayo. Santander, 1924.

Estudo detido dos dolmenes menzonados no título e do de Sán, en Parga-Lugo, en compañía d'unha recollida moi comprebia de todo que deic agora vai publicado en col dos dolmenes galegos e d'unha interpretación ben atinada dos grabados dos megalitos de Dombate e d'Espíñaredo.

Diante d'iste labor aparez unha exposición clara e sintética da distribución dos dolmenes na península e das teorías mais modernas respecto a sua etnología e a sua evolución tipológica, engadindose tamén datos interesantes relativos os primeiros tempos dos mesmos na Galiza con publicación dalgún material inédito.

Compre menzonar asimismo a bibliografía qu'inza as notas moderna e erudita.

En resumen un traballo forte e ben documentado que donaría creto de sabenza os seus autores s'istes xa d'outrora non-o tiveran arredadado.

F. L. C.

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño


O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1º de Mayo a 31 de Octubre

Sastrería CRECENTE IRMANS

A MILLOR

D E

GALICIA



REAL, 28-1°

TELÉFONO 180

A CRUÑA

F. ROMÁN E SACO  
DROGUERIA  
E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

*DISPONIBRE*

LEA VOSTEDE A  
NOVELA MENSUAL

**LAR**

Administración e Imprenta  
REAL, 36 1° A CRUÑA

SUSCRICIÓN A 6 NÚMEROS 1'60 PESETAS